



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE LA CARRETERA PARA A ORGANIZACIÓN DO CONGRESO "30ª SEMANA DE LA CARRETERA".

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Da outra parte, Jacobo Díaz Pineda, Director Xeral da Asociación Española de la Carretera, asociación configurada como entidade sin ánimo de lucro e declarada de "Utilidade Pública" en virtude da Orden do Ministerio de Interior de data 24 de febreiro de 1998, con domicilio social en c/Goya, nº 23-4º dta., 28001 Madrid, estando facultado para subscribir o presente Convenio según o Art. 33 dos seus estatutos.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Asociación Española de la Carretera é unha asociación constituída o amparo do artigo 22 da Constitución Española sin ánimo de lucro, independente e apolítica, se rixe pola Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo e declarada de Utilidade Pública según a Orden Ministerial do 24 de febreiro de 1998. Traballa dende os seus inicios na defensa e promoción das estradas. O se obxectivo primordial foi e segue sendo conseguir unha rede viaria máis segura e de maior calidade e capacidade.

Na actualidade, as súas actuacións céntranse no campo da seguridade viaria, o medio ambiente, as novas tecnoloxías, a mobilidade urbana e a calidade do servizo das infraestruturas.

A Asociación Española de la Carretera realiza numerosas actividades de carácter técnico, formativo e de concienciación cidadá: estudos e investigacións, congresos, seminarios,





cursos de formación, edición de publicacións, campañas divulgativas, intercambio de información e documentación con institucións similares en todo o mundo.

Dende o ano 1963 ven organizando o Congreso *Semana de la Carretera* que, dende a súa primeira edición, consolidouse como o congreso de estradas máis importante do sector. Este evento rexistra en cada edición un gran éxito de asistencia, sendo o seu ámbito xeográfico todo o territorio nacional.

A través deste convenio preténdese celebrar a *30ª Semana de la Carretera* co lema "*Centrando los retos. Innovando en las soluciones*", en Santiago de Compostela do 29 o 31 de outubro de 2019.

Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten como obxectivos básicos impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas. Para tales efectos, correspóndelle á axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poida instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. Entre os seus principios como Axencia están os de participación institucional, entendido como a disposición activa a colaborar con outras institucións, e de calidade e mellora continua, entendido como o compromiso sistemático coa autoavaliación e a utilización de modelos que permitan establecer áreas de mellora.

Terceiro. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración coa Asociación Española de la Carretera pretende incidir, coa celebración deste Congreso na promoción e investigación científica, así como en mostrar e analizar os avances tecnolóxicos nas materias relacionadas co mundo da estrada e a seguridade viaria.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e a Asociación Española de la Carretera para a realización do Congreso "30ª Semana de la Carretera" que se levará a cabo no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (Santiago de Compostela) durante os días 29 a 31 de outubro de 2019, ambos incluídos.

O obxecto da actuación que lle interesa promover a Xunta de Galicia comprende :

- Elección do Tema e Poñente Xeral
- Contacto e Coordinación con Poñentes: Definición de Contidos
- Preparación e desenvolvemento do programa Técnico
- Preparación da documentación para os Congresistas
- Celebración do Congreso: Control de inscricións e Secretaría Xeral
- Organización da "Exposición 30ª Semana de la Carretera"
- Realización do Plan de difusión e Comunicación
- Elaboración de conclusións

No anexo que se acompaña detállanse o conxunto de actividades a realizar na 30ª *Semana de la Carretera*

SEGUNDA. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE LA CARRETERA

A Asociación Española de la Carretera obrígase a realizar as actividades programadas descritas na cláusula primeira, todas elas enfocadas a estrada e a seguridade viaria.

Os contidos concretos, así como o desenvolvemento de todas as actividades do Congreso se recollerán nun documento final no que se detallen as Conclusións sobre os temas tratados.

O persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia poderá asistir ao devandito congreso sen pagar a cota de inscrición.





Unha vez realizadas as prestacións con conformidade, e logo de entregada a antedita memoria resumen das actividades, dará lugar a un só pagamento, para o que a Asociación deberá expedir a documentación acreditativa pertinente onde se consigne o importe que deba satisfacer a Axencia.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestructuras, asume o compromiso de achegar un financiamento dun total de 23.939,20 € para a organización desta 30ª semana de la carretera, incluíndo:

- A reserva e posta a disposición do espazo necesario para a celebración do congreso, incluíndo os servizos de mantemento e seguridade, cun custo estimado de 13.939,20, IVE engadido €.
- Facilitar coa debida antelación o listado das persoas ao servizo da administración xeral e as súas entidades instrumentais que asistirá ao congreso sen pagar cota de inscrición.
- A achega de 10.000 € á Asociación Española de la Carretera para o financiamento de custos propios da Asociación derivados da organización do congreso e a asistencia do persoal público da Xunta de Galicia, que serán aboados unha vez realizados os traballos de conformidade e entregada a documentación final. Esta cantidade non inclúe o IVE por estar exenta de conformidade co artigo 20.1.12º da Lei 37/1992, do 18 de decembro, do imposto sobre o valor engadido e o acordo da Axencia Tributaria do 19 de xullo de 2011.

A achega da AXI financiarase con cargo a partida orzamentaria 08, A1 512B 640.1, código de proxecto 2007-00282 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestructuras do ano 2019.

CUARTA. SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestructuras e dun representante da Asociación Española de la Carretera.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula terceira.





As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e, supletoriamente, polos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do sector público.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

SEXTA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio e requirirá acordo unánime entre a Asociación Española de la Carretera e a Axencia Galega de Infraestruturas.


SÉTIMA. RESOLUCIÓN

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, pola presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo así fin á vía administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto,
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.





OITAVA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e maillo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019.


Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas



Ethel Ma Vázquez Mourelle

Director Xeral de la
Asociación Española de la Carretera



Jacobo Díaz Pineda





ANEXO

ACTIVIDADES A REALIZAR POR LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE LA CARRETERA **"30ª SEMANA DE LA CARRETERA"**

Será a cargo de la Asociación Española y responsabilidad de la misma, antes, durante y después de la celebración del Congreso:

- Elección de Tema y Ponente General
- Contactar y coordinar a los ponentes a efectos de:
 - Facilitar su asistencia y participación
 - Gestionar sus viajes, estancia e intervención
- Organizar las reuniones de coordinación entre los Ponentes, el Ponente General y los Coordinadores de cada sesión con el fin de consensuar los temas a tratar en las distintas conferencias, así como sus títulos para la publicación en el Programa Técnico.
- Preparación del Programa Técnico:
 - Diseño y coordinación de avance de programa y programa definitivo
 - Diseño, edición e impresión del programa de mano
 - Preparación del programa on-line
 - Difusión
 - Recopilación y difusión de las ponencias y comunicaciones presentadas
- Coordinar y organizar todos los aspectos relativos al desarrollo del programa técnico:
 - Control informático en sala de presentación de ponencias
 - Personal técnico y de apoyo

Asociación Española de la Carretera





■ Preparación de documentación para los congresistas:

- Elaboración y distribución del material impreso entre los asistentes
- Aportación y distribución de la cartera de documentación que se entrega a cada asistente
- Lanyard identificativo de cada congresista
- Información técnica y turística

■ Realizar el control de inscripciones y la secretaría general del Congreso:

- Centralización y transporte de material
- Control de inscripciones antes y durante el Congreso
- Edición y entrega de los certificados y diplomas de asistencia
- Coordinación general del evento

■ Organización "Exposición 30ª Semana de la Carretera"

■ Realizar el Plan de difusión y de comunicación

- Desarrollo y contenidos de la página web y el Blog del Congreso
- Desarrollo, elaboración y difusión del newsletter del Congreso
- Difusión en Redes Sociales
- Difusión en Medios de Comunicación: prensa de información general (nacional y regional) y publicaciones especializadas:

■ Redacción, distribución y publicación de comunicados de prensa

■ Atención y gestión de solicitudes de información u opinión.

■ Convocatoria y coordinación de asistencia de los medios al Congreso

- Atención a los medios "in situ"
- Seguimiento de noticias en medios escritos y audiovisuales
- Informe de impacto en medios y redes

■ Elaboración de Conclusiones

